

Tema 1. Comentario de textos

A lingua, elemento definidor da nación

Entre os elementos constituintes e diferenciadores das nacións está a lingua.

O idioma é un dos principais elementos de diferenciación dos pobos, o máis importante, porque un idioma é sempre o signo exterior e, se é o caso, determinante dunha cultura mais ou menos desenvolvida, e polo tanto da alma colectiva independente [...]. O idioma é suficiente para constituír unha minoría nacional. Así, Galicia posúe un idioma propio falado polas nove décimas partes da súa poboación, non só no campo, senón na maioría das cidades, como calquera pode comprobar.

Agora ben, un idioma é unha mentalidade. Existe, pois, unha mentalidade galega, diferente da dos outros pobos de España [...]. Ademais é apreciada por todo o mundo que sabe que existe un carácter galego, unha maneira especial de producirse e comportarse propia dos galegos e nada mais que dos galegos.

Vicente RISCO. *O problema político de Galicia*. 1930

A conciencia da nacionalidade

Para constituír unha nación é imprescindible que os individuos que a forman teñan a conciencia de querer pertencer a ela e que teñen os lazos comúns que a sosteñen.

Unha nación é a asociación de todos os homes que, agrupados pola lingua, por certas condicións xeográficas ou polo papel que desenvolveron na historia, recoñecen un mesmo principio e marchan, baixo o impulso dun dereito unificado, á conquista dun mesmo obxectivo definido. [...] A patria é, ante todo, a conciencia da patria [...].

O chan no que pousan os vosos pasos e os límites que a natureza sitúa entre a vosa terra e as estranxeiras [...] non son senón a forma visible da patria; pero se a alma da patria non palpita naquel santuario da vosa vida denominado conciencia, aquela forma permanece semellante a un cadáver sen movemento nin alento de creación, e vós mesmos seredes turba sen nome e non nación; xente e non pobo [...] A patria é ante todo a fe na patria.

Giuseppe MAZZINI. *Que é unha nación?* 1834

Mais a simple serie de condicións nacionais e históricas, a mesma comunidade de territorio, de orixe e de lingua a un tempo, non abundan sen embargo para construír unha nacionalidade tal e como nós a entendemos. Estes elementos son como materia inerte capaz de vivir, pero na que aínda non foi insuflado o alento da vida. Este alento vital, este divino cumprimento do ser dunha nación, este principio da súa visible existencia, ¿en que consiste? Señores, trátase da conciencia da nacionalidade, o sentimento que ela ten de si mesma e que a volve capaz de constituírse cara a dentro e de manifestarse cara a fora [...]. [Unha nación é unha] sociedade natural de homes con unidade de territorio, de orixe, de costumes e máis de lingua, dotados de comunidade de vida e conciencia social.

Pasquale Stanislao MANCINI. *Da nacionalidade como fundamento do dereito de xentes*. 1851

